



BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN TEMPORAL DE 3 PERSOAS DESEMPREGADAS RECENTEMENTE GRADUADAS MEDIANTE CONTRATO FORMATIVO NO PROGRAMA “+ EMPREGA NO CONCELLO DO PORRIÑO 2025”

PRIMEIRA.- OBXECTO, CARACTERÍSTICAS DAS CONTRATACIÓNS E SISTEMA DE SELECCIÓN

1. O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación de 3 persoas graduadas desempregadas, que no momento da contratación, non transcorran máis de tres (3) anos, ou máis de cinco (5) cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos dentro do programa “+ EMPREGA NO CONCELLO DO PORRIÑO 2025”; subvencionado pola Deputación de Pontevedra ao abeiro das “Bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrência non competitiva, do proxecto “+Emprega Nos Concellos 2025” para financiar contratos formativos, publicado no BOPPO número 156 do 19/08/2025:

Servizo municipal de destino	Nº	Contratos
Servizo de Administración Xeral	1	Titulado/a medio de Publicidade e Relacións Públicas
Servizo de Emprego e Formación	2	Titulado/a medio de Inserción Laboral

2. As características das contratacións son as seguintes:

- 1 Titulado/a medio de Publicidade e Relacións Públicas coa titulación de Grao en Publicidade e Relacións Públicas, Publicidade, Marketing e Relacións Públicas, Publicidade, Marketing, Comunicación Audiovisual, Periodismo e similares sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)
- 2 Titulados/as medios/as de Inserción Laboral coa titulación de Grao en Traballo Social, Psicoloxía, Socioloxía, Educación Social, ADE e Xestión e Administración Pública e similares, sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)

O Concello do Porriño formalizará os contratos coas persoas seleccionadas o día 15/01/2026, de carácter laboral temporal, na modalidade de contrato formativo para adquirir a práctica profesional axeitada ao correspondente nivel de estudos (código 420), a xornada completa, por un período de 12 meses.

As retribucións das persoas seleccionadas e contratadas mediante os devanditos contratos laborais temporais, corresponderase ao 70% do salario determinado consonte a táboa retributiva do Anexo I da modificación do convenio colectivo das condicións de emprego do persoal laboral do Concello do Porriño, publicada no BOP núm. 246, do 26-12-2013, coas actualizacións legais correspondentes segundo a vixente Lei de orzamentos xerais do Estado e, no seu caso, as instrucións que dite o Ministerio de Facenda e Función Pública, non inferior ao SMI correspondente para o exercicio 2026.





SEGUNDA.- PUBLICIDADE

As presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, e nun anuncio da convocatoria na web municipal.

Paralelamente presentarase unha oferta por nivel de estudos e grupo profesional dentro de cada ocupación, na oficina do Servizo Público de Emprego do domicilio da entidade colaboradora; o ámbito de busca de emprego non poderá superar o nivel provincial.

O prazo de presentación de solicitudes computarase, en ambos casos, dende o día seguinte ao da publicación do devandito anuncio na web municipal.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidos/as neste proceso selectivo, de conformidade co establecido na base 4ª das devanditas bases da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº 156 de 19/08/25) e co disposto no artigo 56 do Real decreto lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBE) en harmonía co disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPGA), os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos xerais e específicos:

1) Requisitos xerais:

a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 TRLEBE e 50 e 52 LEGPA. (*Copia do DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia en vigor*) n

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa establecida legalmente. (*Acreditarase de igual forma no apartado anterior*)

c) Estar en posesión da titulación ou en condicións de obtela na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes, segundo o contrato formativo a que opte, dos seguintes:

- 1 Titulado/a medio de Publicidade e Relacións Públicas coa titulación de Grao en Publicidade e Relacións Públicas, Publicidade, Marketing e Relacións Públicas, Publicidade, Marketing, Comunicación Audiovisual, Periodismo e similares sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)
- 2 Titulados/as medios/as de Inserción Laboral coa titulación de Grao en Trabajo Social, Psicoloxía, Socioloxía, Educación Social, ADE e Xestión e Administración





Publica e similares, sen que transcorresen máis de 3 anos desde a terminación dos correspondentes estudos (ou máis de 5 anos en persoa con discapacidade)

No caso de invocar un título equivalente ao exixido, o aspirante deberá presentar o correspondente certificado de equivalencia, expedido polo Órgano estatal ou Autonómico competente en materia de Educación. Dita equivalencia deberá referirse, tanto ao rango do título como á rama e especialidade.

No suposto de que a titulación se obtivese no estranxeiro o aspirante deberá aportar a correspondente homologación polo organismo competente para establecela.

(Acreditarase mediante copia do correspondente título ou, no seu caso, do resguardo de ter efectuado o depósito para obtelo e da certificación oficial de ter superados os estudos conducentes para a súa expedición.)

d) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes tarefas que se van a realizar. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo/a interesado/a)*

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo/a interesado/a)*

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo/a interesado/a)*

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro e no TRLEBE. *(Acreditarase con declaración responsable asinada polo/a interesado/a)*

2) Requisitos específicos:

Os contratos formativos poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión dunha titulación universitaria ou dun título de grao medio ou superior de formación profesional ou de títulos oficialmente recoñecidos como equivalentes, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional; establecidos non punto c) dos requisitos xerais.

b) Estar inscritas como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

c) Estar empadroadas nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra antes da data de publicación da propia convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) (antes do 19/08/25)





d) No momento da contratación non deberon transcorrer máis de tres (3) anos desde a terminación dos correspondentes estudos ou máis de cinco (5) anos en caso de que o contrato se realice cunha persoa con discapacidade.

e) Non posuír experiencia profesional nin formación na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres (3) meses; non se computarán, para estes efectos, os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para obter a titulación que habilita esta contratación.

f) Non estar contratadas en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.

g) Non ter con anterioridade un contrato na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.

Tódolos requisitos esixidos deberán posuílos as persoas aspirantes o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

CUARTA.- SOLICITUDES DOS ASPIRANTES

As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, e presentaranas no Rexistro Xeral deste concello mediante rexistro electrónico, ou presencial en horario de atención ao público de 9:00 horas a 14:00 horas de luns a venres, durante o prazo de **3 días hábiles** contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria na web municipal.

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 66 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) ou conforme ó modelo que se acompaña como **Anexo I** destas bases, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación da praza convocada, e unha declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos nestas bases da convocatoria.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 16.4 da LPACAP. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo/a empregado/a que admita o envío antes de seren certificadas.

Non obstante, de cara a axilización do proceso, as persoas aspirantes que presentasen a solicitude en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico (rosi.emplo@oporrino.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.





As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

As solicitudes deberán presentarse segundo o modelo que figura como Anexo I, que poderá descargarse no seguinte enlace <https://www.porremprego.org/persoal>.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

Xunto coa solicitude (Anexo I) se achegará a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade
- Copia da titulación para poder participar no procedemento de selección
- Declaracións responsables **asinadas polo solicitante** de cumprir os requisitos sinalados na base 3ª, apartados d), e), e f).
- Relación numerada de méritos (Anexo II)
- Copia dos documentos acreditativos dos méritos que posúan dos comprendidos na base 7ª.
- Vida laboral actualizada expedida despois da publicación do anuncio da convocatoria
- Volante de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación do anuncio da convocatoria
- Copia da tarxeta que acredite que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ao remate do período de presentación de solicitudes.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeran constar na solicitude para participar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES





Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Alcaldía ditará resolución pola que aprobará a **lista provisional** de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, das causas que motivaron a exclusión, e designará o tribunal do proceso de selección.

A devandita resolución publicarase no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, concedéndose un prazo de **1 día hábil** contado a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, no seu caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Rematado o prazo anterior, o Sr. Alcalde ditara resolución pola que aprobará a **lista definitiva** de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, e se fixara o lugar, data e hora de constitución do tribunal e valoración dos méritos do concurso. Esta resolución publicarase igualmente no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Contra a resolución da alcaldía aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 123 e 124 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non significa que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

SEXTA. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección estará formado por cinco persoas: un/ha presidente/a, un/ha secretario/a e tres vocais e quedará integrado polas persoas que designe a alcaldía, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos/as respectivos/as suplentes/as que serán designados/as xunto cos/as titulares.

A pertenza ao tribunal será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e estes deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para participar no proceso selectivo. Non poderá formar parte do tribunal cualificador as persoas de elección ou de designación política, os funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.





Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándollos ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante LRXSP), así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concurra neles algunha das circunstancias previstas para abstención de conformidade artigo 24 da LRXSP.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente/a e do Secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na LPACAP.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 106 e seguintes da LPACAP.

O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos en que resulte necesario co fin de que as persoas aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións para realizar os exercicios que as do resto de aspirantes, dispoñendo, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

O tribunal, por medio do seu Presidente/a, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal, baixo a súa dirección, poderá valerse de persoal de apoio administrativo durante o proceso selectivo.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN DEFINITIVA

O sistema de selección definitiva será o de concurso-oposición:

- FASE CONCURSO: (Puntuación máxima 10 puntos)

A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos que supoñen o 40% da puntuación total do proceso selectivo.





O concurso consistirá na valoración dos méritos aportados coas instancias e debidamente acreditados polos/as aspirantes admitidos/as antes do fin do prazo de presentación de instancias, segundo os criterios de valoración de méritos establecidos na devanditas bases da Deputación de Pontevedra (BOPPO nº156 de 19/08/25) para neste proceso selectivo enmarcados dentro do programa “+ EMPREGA NOS CONCELLOS” para o 2025/26, que se enumeran a continuación:

“a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias no Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional no Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. En caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especificase, valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para formalizar o contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para obter outras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos. Estes computaranse do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas de duración: 0,30 puntos por curso.*
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.*
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.*
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.*
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.*

Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio, ou Celga 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos.

Non se terán en conta os certificados ou os diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos. Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirllas ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.





As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) e teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificacións para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

*A ligazón á web do Ministerio de Cultura, onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster, é o seguinte:
<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html> ”*

- FASE DE OPOSICIÓN: (Puntuación máxima: 15 puntos)

A puntuación máxima desta fase será de 15 puntos que supoñen o 60% da puntuación total do proceso selectivo, e constará dos seguintes exercicios:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio

Constará dun primeiro exercicio práctico, obrigatorio e eliminatorio que consistirá na realización dunha proba práctica relacionada co temario recollido no Anexo III.

O devandito exercicio consistirá en realizar un ou varios supostos ou probas prácticas ou tipo test, propostos libremente polo tribunal cualificador.

Na valoración do presente exercicio o tribunal cualificador apreciará as aptitudes, destrezas profesionais e capacidades das persoas candidatas para a adecuación ao posto, precisión e síntese na exposición, e calidade de expresión.

O tempo concedido para o desenvolvemento dos exercicios prácticos será determinado polo tribunal cualificador con anterioridade á realización destes.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a trece (13) puntos, quedando eliminada a persoa aspirante que non obteña un mínimo de seis con cinco (6,5) puntos.

Segundo exercicio: Coñecemento do galego.

De carácter obrigatorio e non eliminatorio

Este exercicio consistirá na tradución directa ou inversa dun ou varios textos, en castelán ou galego. Os textos serán escollidos polo tribunal cualificador do proceso selectivo inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao tribunal a fixación tanto do tempo para realizar a proba como o nivel de coñecemento esixido para superar a mesma.

Este exercicio avaliarase de 0 a 2 puntos.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título Celga 4, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seu anexo I, aos que se lle asignarán 2 puntos. Esta exención haberán de acreditarla documentalmente





xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

OITAVA.- DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse o Tribunal, realizar a valoración de méritos da fase de concurso e a proba da fase de oposición; fixaranse na resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

No caso de que participen persoas con discapacidade que solicitasen adaptacións de tempo e medios, será o Tribunal o que determine o contido e alcance das adaptacións solicitadas. Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, terase en conta que as mesmas non deberán desvirtuar o contido do exercicio, nin implicar a redución nin menoscabo do nivel de suficiencia esixible para superar o proceso selectivo. Para a adaptación de tempos estarase a Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. O Tribunal de selección poderá requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os/as que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificados con anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento considerarase único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os/as aspirantes á sesión á que foran convocados/as.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as opositores para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, deberá propoñer á Alcaldía a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades





observadas para os efectos procedentes, previa audiencia coa persoa interesada, que perderá todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

Non se permitirá o acceso aos locais nos que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento ou dispositivo do que se poida valerse o opositor para auxiliarse na realización dos exercicios, agás que se atopen totalmente apagados durante o exame. En caso contrario, o opositor será sancionado coa expulsión do exame e do proceso selectivo.

O tribunal disporá os medios que estime oportunos para garantir o anonimato dos aspirantes na realización dos exercicios.

Concluído cada exercicio o Tribunal fará pública a relación coa indicación da puntuación obtida no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org, sección porremprego.

As persoas aspirantes terán un prazo dun día hábil, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións, para presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante a alcaldía por ser o órgano que os nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP.

NOVENA.- ACCESO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Aos efectos do proceso selectivo contido nestas bases e dos actos e actuacións que deriven do mesmo, terán a consideración de persoas con discapacidade as definidas no apartado 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2013 ou normativa posterior que substitúa esta definición. Non obstante, no caso de tratarse dos pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, so terán a condición de persoas con discapacidade aos efectos destas bases se teñen recoñecida e acreditan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33%.

As persoas con discapacidade deberán cumprir co establecido nestes bases, tendo en conta as peculiaridades ou previsións que se contemplan nesta base.

Unicamente poderán presentarse a persoas con discapacidade as que teñan tal consideración, acrediten a súa discapacidade e a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións da praza convocada e cumpran co resto de requisitos que se determinan nestas bases. Ademais do indicado na base 4ª relativa á presentación de solicitudes, os/as opositores/as con discapacidade xeral deberán achegar o certificado de discapacidade emitido polo órgano técnico competente no que se acredite un grao de discapacidade igual





ou superior ao 33%; así como o de compatibilidade co desempeño das tarefas da praza convocada. Aqueles/as aspirantes que estean en situación de discapacidade e soliciten adaptación de tempo e medios para a realización das probas da oposición, deberán:

a) Solicitalo expresamente na súa instancia, concretando as adaptacións que necesita.

b) Achegar coa solicitude o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade competente, acreditando de forma fidedigna as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de discapacidade recoñecido, a efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non das adaptacións solicitadas. Só se poderá solicitar e outorgar esta adaptación se o/a aspirante presenta especiais dificultades para a realización das probas de oposición e así se acredita co ditame técnico facultativo e estas adaptacións gardan relación directa coa proba a realizar. As adaptacións de tempo deberán axustarse ao previsto na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade e normativa de concordante aplicación. Os órganos de selección poderán requirir informe e, de ser o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia.

Como xa se indicou, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios para estas persoas, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

Tal como prevé o artigo 3.3 do Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, as probas selectivas para persoas con discapacidade terán idéntico contido para todos os aspirantes, sen prexuízo das adaptacións que necesiten as persoas con discapacidade.

DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL DO PROCESO SELECTIVO

A puntuación definitiva de cada aspirante será a resultante da suma das puntuacións obtidas en cada fase do concurso e de oposición.

En caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos nos que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o citado precepto non resultase aplicable ou persistise o empate tras a súa aplicación, este resolverase en función da nota media global do expediente académico; segundo o estipulado no Anexo II na subvención da Deputación. E, de continuar este, pola puntuación acadada no primeiro exercicio da fase de oposición.





Determinada a cualificación final das persoas aspirantes o Tribunal elaborará a relación de aspirantes, que superaron o proceso de selección, coa puntuación obtida por orde decrecente; e publicará, no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello do Porriño e de forma complementaria na páxina web municipal sección porremprego.

O tribunal de selección formulará proposta de contratación ao Alcalde para contratación, sempre e cando se verifique que compren os requisitos do contrato de formación; en caso contrario comunicárase á persoa candidata e realizarase o chamamento da seguinte persoa candidata que figure na lista por orde decrecente de puntuación.

O tribunal en ningún caso poderá propoñer un número superior de aspirantes ao das contratacións previstas nestas bases. Calquera proposta que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN PARA CONTRATACIÓN

As persoas aspirantes e propostas para as contratacións terán que presentar a seguinte documentación no prazo máximo de **1 día hábil** contado a partir do día da publicación do resultado do proceso selectivo:

1. Fotocopia do documento no que conste o número de afiliación á seguridade social (tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo)
2. Certificación de conta bancaria con número IBAN
3. Deberán xustificar, durante o período de 9 días hábiles seguintes á formalización do contrato e antes do rexistro do mesmo; que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

Se transcorrido o devandito prazo non aporta a documentación, segundo o anterior, considerarase que renuncia á esta e pasará a requirirse á seguinte persoa aprobada con maior puntuación ata cubrir a totalidade de contratacións convocadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía á vista das propostas do Tribunal e unha vez xustificadas os requisitos esixidos, resolverá o que corresponda, de xeito que a formalización dos contratos debe realizarse na data límite do 15 de xaneiro de 2026.





Os/As aspirantes propostos/as, ademais de cumprir os requisitos esixidos nestas bases, deberán xustificar, durante o período de proba contractual, que non padecen enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas a desenvolver, mediante certificación médica Oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido ou se o médico pertence a unha entidade sanitaria pública, no impreso Oficial da devandita entidade.

En cadanseu contrato deberá constar a declaración xurada do/a seleccionado/a de non desempeñar ningún traballo, posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada remunerada, e de non incorrer en ningunha das causas de incompatibilidades de aplicación ao persoal das Administracións Públicas e de comprometerse a desenvolver a súa actividade profesional con pleno respecto ó disposto na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, así como ó disposto no R.D. 598/1985, de 30 de abril.

Para o suposto de que as persoas propostas non se presenten a formalizar os correspondentes contratos, non os puideran formalizar por algunha causa legal, ou unha vez, formalizados foran extinguidos ou suspendidos por causas legais, ou para outros supostos en que os contratados/as non puideran cumprir o contrato o Alcalde poderá formalizar un novo contrato co/a seguinte aspirante que por orde de puntuación lle corresponda. En tal situación, considerando que o contrato debe ter unha duración mínima de seis meses e máxima dun ano, a entidade colaboradora asumirá o que exceda do custe que corresponda por este contrato formativo dun ano. Dita substitución deberá producirse no prazo máximo dun mes desde a renuncia.

DÉCIMO TERCEIRA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/ás aspirantes que participen no procesos selectivo convocado.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido nas BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” PARA FINANCIAR CONTRATOS FORMATIVOS publicadas non BOPPO número 156, de data 19/08/25; na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Lei 53/1984 de, 26 de decembro de Incompatibilidades del Persoal ao Servicio de las Administraciones Públicas; no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do empregado público de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.





DÉCIMO QUINTA. INCIDENCIAS E IMPUGNACIÓN

O Tribunal queda facultado para interpretar as presentes bases da convocatoria e para resolver as dúbidas e incidencias que se presente e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 35/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa segundo corresponda.

DÉCIMO SEXTA.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/As interesados/as autorizan ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO I. MODELO DE SOLICITUDE

D./D ^a			
DNI		e con domicilio en:	
Código postal		Concello	
Teléfono		ante o Sr. Alcalde do Concello de O Porriño,	

EXPÓN: Que publicado o anuncio da convocatoria, polo sistema de **concurso-oposición**, para a contratación laboral temporal mediante un contrato formativo para adquirir práctica profesional de 3 persoas desempregadas recentemente tituladas durante 12 meses:

- a) Que coñece e acepta as Bases que rexen o proceso selectivo, por concurso, para a contratación laboral temporal mediante un contrato formativo para adquirir practica





profesional de 3 persoas desempregadas recentemente tituladas durante 12 meses.

- b) Que desexando tomar parte no citado proceso selectivo, **DECLARA** que son certos os datos consignados nesta solicitude e que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega:

- ☐ Copia do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade, en vigor.
- ☐ Declaracións responsables de cumprir os requisitos sinalados na base **TERCEIRA.2)**, apartados **d), e), e f)**.
- ☐ Copia da titulación para poder participar no procedemento de selección.
- ☐ Relación numerada de méritos (Anexo II) e documentación xustificativa.
- ☐ Copia vida laboral actualizada posterior a data de publicación.
- ☐ Copia do volante de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra, conforme se estaba empadroadado/a con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria.
- ☐ Copia da tarxeta demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

O/A interesado/a autoriza ao Concello do Porriño á publicación, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporrino.org, dos datos persoais, que consten no expediente da selección e que sexan necesarios publicalos de conformidade con estas Bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

....., de de 2025

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O PORRIÑO (Pontevedra).

ANEXO II. RELACIÓN VALORADA DE MÉRITOS

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos			
Titulación	Ano fin estudos	Nota	Puntos





b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto (2,00 puntos)		Puntos
c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto (0,50 puntos por cata, un ata un máx. 1 punto)		Puntos
d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta erelacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo (0,50 puntos por cata, un ata un máx. 1 punto)		Puntos
e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento (xornadas, congresos, seminarios ou similares)organizados por centros oficiais dependentes da Administracióndo Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua) (máx. 2 puntos)		
Curso	Entidade	Puntos
Celga 4 ou similar (0,50 puntos)		
TOTAL PUNTUACIÓN		

ANEXO III. TEMARIO XERAL

1. A Constitución española de 1978. Estrutura e Principios Xerais (artigos 1 a 29, ambos incluídos).
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido (artigos 1 a 9, ambos incluídos).
3. A Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local. O municipio e os seus servizos. Funcións dos distintos órganos municipais.
4. O persoal ao servizo da Administración Local. Dereitos e obrigas. Código de conduta.
5. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas





Concello do Porriño

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.			
DNI núm.			
Teléfono		ante o Sr. Alcalde do Concello do Porriño:	

DECLARA RESPONSABLEMENTE cumprir os requisitos sinalados na base TERCEIRA.2), apartados:

d) Posuír as capacidade funcional para o desempeño das correspondentes tarefas que se van a realizar.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoa foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

f) Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na Lei 53/1984, de 26 de decembro e no TRLEBE.

....., de de 2025

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE O PORRIÑO (Pontevedra).

Documento asinado dixitalmente na marxe

Cod. Validación: A57WS4L649FT9NGY4PGWJNXM
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18

